



CONVENIO COA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE PARA DIVULGACIÓN DA CAZA E PREVENCIÓN DE ACCIDENTES

O Presidente da Federación Galega de Caza e o Conselleiro de Medio Ambiente, veñen de asinar, o pasado 16 de outubro, un convenio de colaboración para a divulgación do deporte cinexético, por importe de 84.000 €uros.

O convenio consta de varios programas, entre os que merece especial atención, a campaña de sensibilización para a prevención de accidentes nas cacerías, que consistirá fundamentalmente no desenvolvemento do lema “Caza seguro, para cazar ben”, para o que a FGC elaborará carteis e folletos con consellos preventivos, así como chalecos e roupa con cores visibles, que se distribuirán aos responsables das cacerías a través das diferentes sociedades de caza.

Outra das actuacións que recolle o convenio é a elaboración de caderniños nos que se divulgue a actividade cinexética e a páxina web.

Tamén se establece un programa para a recopilación dos traballos realizados sobre a recuperación do coello do monte e do método de cría en semiliberdade que inclúe a edición e distribución dun libro así como unhas xornadas prácticas.



No centro o Conselleiro de Medio Ambiente, Manuel Vázquez, xunto cos Presidentes da Federación Galega de Caza, José María Gómez Cortón (esquerda) e da Federación Galega de Pesca, Pedro Romarís Pereira (dereita)

**GABINETE DE COMUNICACIÓN
FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA
www.federaciongalegadecaza.com**